# A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2014

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2015

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl

# A Sociedade da Información nos fogares galegos

## Ano 2014

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

**Xunta de Galicia**
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Santiago de Compostela
2015

# ÍNDICE


| | |
|---|---|
| Introdución | 5 |
| I. Fogares con ordenador | 7 |
| II. Fogares con Internet contratado | 15 |
| III. Fogares con acceso contratado a banda larga | 25 |
| IV. Persoas que utilizaron o ordenador nos 3 últimos meses | 33 |
| V. Persoas que utilizaron Internet nos 3 últimos meses | 43 |
| VI. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet | 55 |
| VII. eAdministración | 65 |
| Conclusións | 73 |

# INTRODUCIÓN

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos. O acordo de colaboración permite evítar a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

No presente informe recóllense os resultados dos principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este organismo é o responsable de realizar o procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico, que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital da Xunta de Galicia.

## Medición da evolución das TIC nos fogares

A información que se amosa neste diagnóstico procede dun módulo da Enquisa Estrutural a fogares que realiza o IGE en 8.025 fogares onde reside cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Supón un total de 17.361 a persoas de 16 a 74 anos de idade.

A enquisa aporta datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

# INDICADORES DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NOS FOGARES GALEGOS



- ☞ Nos últimos catro anos, Galicia diminuíu a fenda dixital na contratación de Internet: recortando 12,6 puntos coa media europea e 8,3 puntos coa media estatal.
- ☞ O 70,3% dos fogares galegos ten contratado Internet a través de banda larga, cun incremento do 7,7% no último ano e situando a Galicia a menos de 3 puntos da media estatal
- ☞ A interacción dos internautas galegos coas AA.PP. supera a media estatal e europea.

Neste informe analizaremos pormenorizadamente os principais indicadores relacionados co equipamento de tecnoloxías de comunicación e información dos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. Na análise dos fogares incideremos na equipación de ordenador, o Internet contratado e o acceso á banda larga. Ademáis, avaliarase a súa utilización e a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet.

# I. Fogares con ordenador

O número de fogares con ordenador na comunidade galega aumentou un ano máis, acadando o 71,5% no ano 2014; o que supón un incremento do 2,1% respecto do ano anterior. A nivel comparativo, no período 2013-2014, o ritmo de crecemento galego supera lixeiramente ao estatal (2,0%).

**G.1. FOGARES CON ORDENADOR**




Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

En termos evolutivos, se consideramos o período 2010-2014, o crecemento da dispoñibilidade de ordenadores en Galicia foi dun 16,1% mentres que o de España nese mesmo período foi dun 8,9%. A diferenza entre a media galega e a estatal recortouse en case 4 puntos, pasando de 7,1 puntos no 2010 aos 3,3 da actualidade.

### G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA

**Crecemento no período 2010 - 2014**
**Galicia: 16,1%. España: 8,9%.**

**Fogares con ordenador**
**Evolución Galicia**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: IGE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)

**Fogares con ordenador**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat
Nota:Non existe dato de Eurostat para o ano 2014

As provincias onde se ubican as cidades galegas con máis habitantes contan cunha porcentaxe de fogares con ordenador similar e superior á media, contando A Coruña cun 73,6% e Pontevedra cun 73,5%. Pola contra, as provincias de Lugo e Ourense sitúanse nun segundo plano, acadando un 65% e un 64,9% respectivamente.

### G.3. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O tipo de hábitat constitúe un factor decisivo á hora de analizar a porcentaxe de fogares con ordenador, incrementándose o indicador de xeito progresivo a medida que o número de habitantes do concello aumenta. Resaltar que nos concellos con máis de 10.000 habitantes, a dispoñibilidade de ordenador supera a media global de Galicia.

### G.4. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

En relación á área de residencia, reafirmamos os datos obtidos respecto das provincias, correspondendo as maiores porcentaxes de fogares con ordenador ás áreas que comprenden as grandes cidades situadas nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Pola contra, as zonas de Lugo Sur, Lugo Oriental e Ourense sur, contan coas porcentaxes máis baixas, con valores ao redor do 55%.

**G.5. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Neste mapa podemos observar de maneira gráfica os datos obtidos na táboa anterior. Visualmente chama a atención as áreas situadas na zona este galega, onde a maior parte de comarcas non acadan o 60% de fogares con ordenador.

**G.6. MAPA DE FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA**




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Nas sete grandes cidades galegas a porcentaxe de fogares con ordenador supera á media galega (71,5%), correspondendo as porcentaxes máis altas ao concello de A Coruña (81,3%) e ao de Santiago (80,8%).

**G.7. FOGARES CON ORDENADOR NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O número de membros no fogar garda unha relación positiva co aumento do indicador, sendo máis frecuente atopar vivendas con algún ordenador a medida que aumenta o número de persoas que residen nela, salvo nos caso de fogares con máis de 5 membros.

### G.8. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O nivel de ingresos do fogar inflúe tamén de maneira positiva na porcentaxe de fogares con ordenador, superando a media galega a partir dos 1.800 euros de ingresos mensuais. Destacar a alta porcentaxe de fogares con altos ingresos e que contan con ordenador na súa vivenda, concretamente o 95,8% dos fogares con ingresos mensuais superiores aos 3.500 euros contan cun ordenador.

### G.9. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

A convivencia con nenos en idade escolar é asimesmo unha variable determinante no feito de dispoñer ou non de ordenador no fogar, existindo unha fenda de 23,1 puntos entre ambos os dous tipos de fogares. As vivendas con nenos superan en 17,5 puntos á media galega, mentres que os fogares onde non convive ningún integrante con menos de 16 anos, sitúase 5,6 puntos por baixo da media autonómica.

**G.10. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

# II. Fogares con Internet contratado

Os fogares galegos con Internet contratado aumentan un ano máis, cifrándose este incremento nun 6,8% no último ano, e acadando nesta edición o 70,4% de fogares. O ritmo de crecemento galego, aínda que se frea respecto ao ano anterior, continúa a ser superior ao estatal e ao europeo no mesmo período (6,7% e 2,5% respectivamente)

**G.11. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO**




Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

Analizando a evolución no período 2010-2014, o crecemento en Galicia foi do 50,4% mentres que en España sitúase nun 25,9% e en Europa nun 15,7%. As distancias entre os tres ámbitos territoriais vanse disminuíndo ano tras ano, recortando 12,6 puntos coa media europea e 8,3 puntos coa media estatal. Non obstante, Galicia sitúase a 10,6 puntos porcentuais de distancia do indicador europeo e a 4 puntos porcentuais da media estatal.

**G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA**

**Crecemento no período 2010 - 2014**

**Galicia: 50,4%. España: 25,9%. UE: 15,7%**

**Fogares con internet contratado**
**Evolución Galicia**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: IGE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)

**Fogares con internet contratado**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Novamente, as provincias de Pontevedra e A Coruña son as que contan con máis fogares con conexión a Internet, superando a primeira en 4,6 puntos porcentuais á provincia coruñesa. Pola outra banda, atopamos que Lugo e Ourense contan cunha media inferior á autonómica, concretamente 6,2 e 5,8 puntos porcentuais menos, respectivamente.

## G.13. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O hábitat onde están situadas as vivendas tamén parece ser un factor determinante á hora de contratar Internet, aumentando esta a medida que a poboación é maior. Aínda así, en

todos os hábitats supérase o 50% de fogares con Internet contratado, por primeira vez.

**G.14. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Como puidemos observar na análise provincial, son as áreas situadas na provincia de Pontevedra onde existen máis fogares con conexión a Internet, situándose á cabeza a área de Pontevedra cun 82,7% seguida da de Vigo cun 79,7%. Nunha perspectiva xeral, tan só atopamos dúas áreas que se sitúan cunha porcentaxe inferior ao 50%, que son Lugo Sur e O Carballiño-O Ribeiro.

## G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

## G.16. MAPA DE FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

Analizando os sete concellos con maior poboación de Galicia, Pontevedra e Santiago son os que rexistran unha maior presenza de Internet nos fogares, superando ambos o 80%. Todos os grandes concellos superan a media galega, agás Ferrol, que se sitúa 0,4 puntos porcentuais por baixo do promedio autonómico.

**G.17. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O incremento do número de membros no fogar ten unha influenza positiva na presenza de Internet, aumentando a súa media a medida que aumenta o número de persoas que conviven nos fogares. Obsérvase unha diminución ao acadar os 5 membros no fogar, descenso que posiblemente ven motivado pola presenza de persoas maiores.

### G.18. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Os fogares que contan con ingresos superiores aos 3.500 euros acadan un 93,3% de presenza de Internet, dato que contrasta moito co número de fogares que non acadan os 600 euros, nos que so contan con Internet o 41,7% das vivendas.

### G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Os fogares con Internet contratado que contan con nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, superan aos que non teñen nenos en 22,6 puntos porcentuais, o que manifesta a gran relación existente entre a Rede e a etapa estudantil dos rapaces galegos.

### G.20. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Analizando os motivos para non contratar Internet no fogar destacan respostas relacionadas coa percepción de que "non o necesitan", "non o queren", con porcentaxes superiores ao 40%.

### G.21. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

En canto aos motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a provincia, cabe destacar que máis da metade dos fogares de Ourense sen conexión a Internet, sinalan que o motivo é que “teñen poucos coñecementos para usalo” (16,8 puntos por riba da media). Pola outra banda, a provincia de Pontevedra destaca na sua percepción sobre os custos do equipamento e a conexión.

### C.1. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

| MOTIVACIÓNS | PROVINCIA (%) | | | | Total (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | |
| Non o necesitan | 35,9 | 50,0 | 57,2 | 45,7 | 43,8 |
| Non o queren | 34,9 | 43,7 | 50,1 | 47,0 | 41,9 |
| Non lles resulta útil | 21,2 | 32,7 | 38,2 | 31,7 | 28,3 |
| Non o coñecen | 21,3 | 32,2 | 24,2 | 25,2 | 24,4 |
| Teñen poucos coñecementos para usalo | 31,7 | 28,8 | 53,5 | 39,9 | 36,7 |
| Custos altos do equipamento | 27,3 | 15,8 | 29,0 | 45,7 | 31,2 |
| Custos altos de conexión | 30,4 | 22,8 | 30,4 | 48,6 | 34,5 |
| Téneno noutro lugar | 13,1 | 4,2 | 7,3 | 11,8 | 10,6 |
| Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda | 6,7 | 7,7 | 3,2 | 15,2 | 8,8 |

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

O nivel de ingresos nos fogares é un factor que afecta directamente á percepción de custos altos, tanto en equipamento como en conexión.

## C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

| MOTIVACIÓNS | VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%) | | | | | | Total (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Menos de 601 € | Entre 601 € e 1.100 € | Entre 1.101 € e 1.800 € | Entre 1.800 € e 2.700 € | Entre 2.701 € e 3.500 € | Máis de 3.500 € | |
| Non o necesitan | 34,3 | 46,3 | 48,1 | 41,3 | 45,5 | 30,8 | 43,8 |
| Non o queren | 34,4 | 46,0 | 43,5 | 38,5 | 47,8 | 29,7 | 41,9 |
| Non lles resulta útil | 26,9 | 30,3 | 29,1 | 26,4 | 29,1 | 16,4 | 28,3 |
| Non o coñecen | 24,6 | 27,8 | 27,5 | 16,7 | 21,2 | 4,4 | 24,4 |
| Teñen poucos coñecementos para usalo | 32,9 | 40,9 | 40,6 | 32,6 | 24,4 | 12,2 | 36,7 |
| Custos altos do equipamento | 54,0 | 31,7 | 26,4 | 24,8 | 24,3 | 8,1 | 31,2 |
| Custos altos de conexión | 59,4 | 33,9 | 29,8 | 29,5 | 21,8 | 13,1 | 34,5 |
| Téneno noutro lugar | 8,5 | 5,4 | 8,7 | 18,6 | 14,8 | 43,3 | 10,6 |
| Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda | 10,7 | 5,7 | 7,2 | 12,0 | 15,7 | 20,8 | 8,8 |

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

A falta de necesidade de Internet é a principal causa de non dispoñer de conexión á rede nas viviendas sen nenos/as en idades escolar, mentres que as vivendas que si conviven con rapaces, xustifican a súa situación cos altos custes de conexión e de equipamentos.

## C.3. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

| MOTIVACIÓNS | CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%) | | Total (%) |
|---|---|---|---|
| | Con nenos /as en idade escolar obrigatoria | Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria | |
| Non o necesitan | 20,6 | 46,4 | 43,8 |
| Non o queren | 14,8 | 44,9 | 41,9 |
| Non lles resulta útil | 12,8 | 30,1 | 28,3 |
| Non o coñecen | 9,5 | 26,1 | 24,4 |
| Teñen poucos coñecementos para usalo | 9,2 | 39,8 | 36,7 |
| Custos altos do equipamento | 54,3 | 28,6 | 31,2 |
| Custos altos de conexión | 70,9 | 30,4 | 34,5 |
| Téneno noutro lugar | 22,6 | 9,3 | 10,6 |
| Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda | 13,2 | 8,3 | 8,8 |

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

# III. Fogares con acceso contratado a banda larga

Un 70,3% dos fogares galegos ten contratado Internet a través de banda larga. O indicador de penetración da banda larga incrementouse un 7,7% no período 2013-2014, pasando dun 65,3% a un 70,3%. Isto sitúa a Galicia a menos de 3 puntos da media estatal.

### G.22 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA




Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

Tomando como base os datos do ano 2010 a comparativa entre Galicia e España indica que o ritmo de crecemento de acceso contratado a banda larga da nosa Comunidade foi superior ao rexistrado pola media estatal. O crecemento porcentual de Galicia no intervalo 2010-2014 foi dun 51,2% mentres que en España no mesmo período é de 27,2% e en Europa de 27,9%. Isto traduciuse nun recorte de distancia de 8,2 puntos coa media estatal e de 6,8 puntos coa media europea.

### G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA

**Crecemento no período 2010 - 2014**

**Galicia: 51,2%. España: 27,2%. UE: 27,9%**

**Fogares con acceso contratado a Banda larga**
**Evolución Galicia**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)
Nota: Non existen datos de conexión de banda larga con fonte IGE correspondentes o ano 2010 e emprégase datos INE 2008 e 2010 para Galicia

**Fogares con acceso contratado a Banda larga**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A provincia de Pontevedra é a única que se atopa por riba da media galega neste indicador, acadando un 74,7%; cun 70,2% sitúase a provincia de A Coruña, deixando nun nivel inferior as provincias de Lugo e Ourense, que non acadan o 65% de conexión con banda larga.

## G.24 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O tipo de hábitat inflúe de xeito positivo na contratación de banda larga nos fogares, situándose por riba da media nos de máis de 10.000 habitantes.

**G.25. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

As áreas con maior presenza de banda larga son as de Pontevedra (81,9%) e Vigo (79,6%), mentres que as que acadan menor porcentaxe de banda larga sitúanse na área de Lugo sur e a Área de O Carballiño- O Ribeiro (48,7% e 49,6% respectivamente), sendo estas as únicas que se sitúan por baixo do 50%.

## G.26. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

## G.27. MAPA DE FOGARES CON CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA



Máis do 70%

Do 60% ata o 70%

Do 50% ata o 60%

Menos do 50%

**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Agás o concello de Ferrol, todos os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica do 70,3%, descando entre eles os de Pontevedra e Santiago, cun 83,8% e 80,2% respectivamente.

**G.28. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O tamaño do fogar garda de novo unha evidente relación co indicador, de xeito que o número elevado de persoas residindo nunha mesma vivenda supón unha maior probabilidade de contratar unha conexión a Internet de banda larga.

**G.29. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

A xa comentada incidencia dos ingresos tamén se percibe na contratación de banda larga, de xeito que hai unha maior contratación de conexión de alta velocidade nos fogares que teñen maior nivel de ingresos e por tanto maiores probabilidades de contratar máis servizos.

**G.30. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR**

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

A contratación de Internet a través de banda larga tamén é característica dos fogares con nenos/as en idade escolar obrigatoria, superando estes en 22,6 puntos porcentuais aos fogares sen nenos/as.

### G.31. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

# IV. Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

Un ano máis, o número de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses voltou a incrementarse, acadando o 66,9%, e aumentando un 4,4% respecto ao ano 2013.

### G.32. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS TRES ÚLTIMOS MESES




Base: total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

Comparando os datos de Galicia con respecto a España ou a Unión Europea, observamos que a evolución na Comunidade Autónoma foi máis positiva que en España e na Unión Europea, xa que en Galicia a porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses, incrementouse un 15,7% no periodo 2010-2014, o que supuxo un recorte da fenda dixital coa media estatal e europea de aproximadamente 3 puntos porcentuais.

### G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA

**Crecemento no período 2010 - 2014**

**Galicia: 15,7%. España: 8,8%. UE: 8,5%**

**Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses**
**Evolución Galicia**
(% sobre o total de persoas de 16a 74 anos)




Fonte: INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)
Nota: Non existen datos de uso de ordenador con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia

**Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Analizando os datos galegos en termos de sexo e idade, observamos que a fenda dixital de xénero é de 4,2 puntos e que o nivel de uso do ordenador aumenta canto máis xove é o usuario.

## G.34. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

## G.35. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O nivel de estudos garda unha relación evidente co uso do ordenador, xa que a maior formación maior número de persoas que o empregaron. A principal fenda nos estudos obsérvase no paso da primeira á segunda etapa de educación secundaria; xa que a partir desta, todos os grupos sitúanse por riba do 85% de uso de ordenador.

## G.36. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Por outra banda, os estudantes e en menor medida os ocupados e os parados, son os usuarios do ordenador máis activos.

### G.37. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

As provincias da Coruña (68,7%) e de Pontevedra (68,5%) son as que se sitúan por riba da media no uso do ordenador nos últimos tres meses.

### G.38. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

As persoas que máis utilizaron o ordenador nos últimos tres meses son as que viven en concellos de más de 50.000 habitantes, concretamente un 76,7%; mentres que as persoas residentes en concellos con poboación inferior aos 5.000 habitantes non acadan o 50% de uso do ordenador no último trimestre.

### G.39. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

As áreas da Coruña (76,8%) e de Santiago (76,5%) son as que contan con maior proporción de usuarios de ordenador nos últimos tres meses. En contraposición, as áreas da Costa da Morte (49,9%) ou Lugo Sur (49,8%) están moi por baixo da media da Comunidade. No mapa seguinte amosamos como se distribúe este indicador a nivel xeográfico.

## G.40. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

## G.41. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

Analizando os 7 concellos con maior poboación, A Coruña e Santiago son os concellos nos que máis porcentaxe de persoas utilizaron ordenadores nos últimos tres meses. Novamente, todos os grandes concellos superan á media galega, agás Ferrol.

**G.42. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN**

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

As persoas que residen en fogares de tres ou catro membros son os que empregaron, en maior medida, o ordenador nos últimos tres meses, sendo os únicos que superan a media galega.

## G.43. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

O volume de ingresos no fogar é unha variable explicativa moi significativa, de xeito que dispoñer de máis recursos tradúcese nun incremento do número de usuarios de ordenador.

## G.44. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

De novo, a convivencia con nenos en idade escolar obrigatoria incide positivamente, con 19 puntos de diferenza con respecto aos fogares onde non residen nenos/as.

## G.45. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

# V. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Un 69,3% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, experimentando un crecemento do 6,9% no último ano.

**G.46. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES**




Base: total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

Durante o período 2010-2014 o aumento do uso de Internet seguiu a mesma traxectoria que o uso do ordenador, aumentando un 29,3% e superando novamente a evolución que se rexistra en España e na Unión Europea no mesmo periodo de tempo. Isto traduciuse nunha diminución da fenda dixital con España en 3,7 puntos e nun recorte de 6,7 puntos coa media europea.

**G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA**

**Crecemento no período 2008 - 2012**

**Galicia: 29,3%. España: 18,7%. UE: 13,0%**

**Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Evolución Galicia**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: : INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)
Nota Non existen datos de uso de Internet con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia

**Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A idade é un factor clave para a análise do uso de Internet. Tal e como observamos nos gráficos: a menor idade maior consumo da rede nos últimos tres meses. O gran salto prodúcese nos 55 a 65 anos, onde se descende a valores inferiores ao 50% en Galicia.

Se comparamos os datos obtidos a nivel autonómico e estatal, non observamos grandes diferenzas nas idades máis temperás, pero a partir dos 45 anos, as diferenzas son significativas. Cabe salientar que nos grupos de idade de 25 a 44 anos, a media galega supera a media estatal.

## G. 48. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)– INE 2014**

A nivel galego, estatal e europeo, o uso de Internet entre os xóvenes de 16 a 24 anos está amplamente estendido, acadando valores superiores ao 95%. No extremo oposto, o dato referido ás persoas de 55 a 64 anos amosa que neste sector da poboación os valores están lonxe de acadar á media estatal e europea, existindo 11,1 e 18,7 puntos de diferenza respectivamente no ano 2014.

**Persoas xóvenes que utilizaron Internet nos últimos tres meses (de 16 a 24 anos)**
**Evolución Galicia**
(% sobre persoas de 16 a 24 anos)




Fonte: INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)

**Persoas xóvenes que utilizaron Internet nos últimos tres meses (de 16 a 24 anos)**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre persoas de 16 a 24 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

**Persoas de 55 a 64 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Evolución Galicia**
(% sobre persoas de 55 a 64 anos)




Fonte: INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)

**Persoas de 55 a 64 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre persoas de 55 a 64 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A fenda dixital de xénero en Galicia no uso de Internet é de 3,8 puntos. A fenda de xénero en Galicia é moi similar á observada no resto do territorio estatal (3,4 puntos) e na Unión Europea (4 puntos), onde xa se están a desenvolver diversas iniciativas para a súa redución, e acadar á equiparación entre sexos.

## G. 49. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**Fonte: OSIMGA + IGE (2014)**

**Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Evolución Galicia**
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)

**Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

**Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Evolución Galicia**
(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2014)

**Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses**
**Comparación Galicia, España e UE**
(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A formación superior, así como estar estudando ou ser unha persoa en situación laboral activa, son factores positivos á hora de usar Internet.

